



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a la instalación de barreras acústicas en la AP9 en el tramo que discurre por el municipio de Bergondo.**

Hace años que el vecindario de Mariñán, en el municipio de Bergondo, denuncia el problema de los ruidos generados por la proximidad de la autopista AP9 en la zona, una infraestructura viaria de alta capacidad construida en los años 70 en la que el tránsito de vehículos a gran velocidad es constante, por lo que necesita mejoras en muchos puntos para proteger a las personas residentes de la contaminación acústica.

La Autopista del Atlántico, de titularidad estatal y concesionada a la empresa Audasa, atraviesa Mariñán, lugar en el que llevan tiempo reclamando la instalación de algún sistema reductor del impacto sonoro en las viviendas, como por ejemplo pantallas acústicas o antirruido, habituales en la construcción de nuevas vías, pero que no solían colocarse hace 50 años. También sufren el mismo problema las personas residentes en Miodelo y Guísamo. Es más, en Guísamo indican que la contaminación acústica ha aumentado tras la última reparación de la vía, y que puede deberse al material empleado en la capa de rodadura.

Estas reclamaciones han sido ya trasladadas a las distintas administraciones competentes en varias ocasiones, tanto al propio Ayuntamiento de Bergondo como a la Consellería de Infraestructuras de la Xunta y al propio Ministerio de Transportes, sin que se haya iniciado ninguna actuación al respecto. Las demandas vecinales siguen sin atenderse y el vecindario continúa soportando diariamente una situación que afecta de forma directa a su calidad de vida sin poder hacer nada.

Debe tenerse en cuenta que está demostrado que la exposición directa y continuada a una contaminación acústica elevada puede derivar en problemas de salud; precisamente por ello, la inacción de las administraciones públicas es incomprensible y debe articularse una solución lo antes posible.

En respuesta a otras iniciativas similares, se indicaba que los mapas estratégicos de ruido de la Dirección General de Carreteras, en cumplimiento de la segunda fase de aplicación de la



Directiva Europea 2002/42/CE, de 17 de mayo, sobre evaluación y gestión del ruido ambiental, y de conformidad con la Ley 37/2003, de 17 de noviembre, del ruido y su normativa de desarrollo, evalúan el ruido dentro de un marco estratégico y global fundamentado en dar soluciones al conjunto de la sociedad, en base a la eficiencia presupuestaria, objetividad e igualdad de oportunidades. Con estos fundamentos fue elaborada la segunda fase del Plan de Acción contra el Ruido, donde se detallan las actuaciones a realizar en el conjunto de la Red de Carreteras del Estado, atendiendo a la magnitud del problema de ruido, la exposición a este de edificios sensibles y el número de población afectada que se beneficiaría. Estos Mapas Estratégicos y el Plan de Acción contra el Ruido deben ser revisados periódicamente, definiéndose en cada fase unos criterios con actuaciones que beneficien a núcleos menos numerosos y viviendas aisladas sometidas a niveles acústicos excesivos.

En este sentido, la Dirección General de Carreteras del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana estaba tramitando en aquel momento el Pliego de Prescripciones Técnicas Particulares correspondiente para la revisión de los Mapas Estratégicos de Ruido y del Plan de Acción contra el Ruido, tercera y cuarta fase, y la revisión de los planes urbanísticos para actualizar la información y evaluar y dirimir la responsabilidad de financiación y ejecución de las medidas correctoras.

El mapa estratégico del ruido relativo a la cuarta fase en la provincia de A Coruña fue publicado en septiembre de 2024, reconociendo en él la problemática antes descrita y que los núcleos citados del municipio de Bergondo superan los objetivos de calidad acústica.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Tiene conocimiento el Gobierno del Estado de la situación que padecen los vecinos y vecinas de Mariñán, Miodelo y Guísamo, en el municipio de Bergondo, derivada de la proximidad del tránsito por la AP9 sin contar con mecanismos de reducción de la contaminación acústica debida para su protección, y han sido incluidos estos núcleos en la revisión de los Mapas Estratégicos de Ruido y del Plan de Acción contra el Ruido?
2. ¿En caso de haber sido incluidos estos núcleos en los Mapas Estratégicos de Ruido y en el Plan de Acción contra el Ruido, cuáles son las previsiones para la realización de los trabajos necesarios?
3. ¿En caso de no haber sido incluidos estos lugares en la revisión de los Mapas



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



Estratégicos y en el Plan de Acción contra el Ruido, por qué motivos no se han incluido? ¿Se va a revisar la citada planificación e incluirlos en próximas actuaciones de protección contra la contaminación acústica?

En Madrid, a 23 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

25 MAR. 2026 12:21:28

Entrada **108272**

Sobre a instalación de barreiras de protección acústica na AP9 no Concello de Bergondo

| | |
|-----------------|---|
| Competencia | Otros Expedientes |
| Tipo Expediente | 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1) |

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado




Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita** relativas **á instalación de barreiras acústicas na AP9 no tramo que discorre polo Concello de Bergondo**.

Hai anos que a veciñanza de Mariñán, no Concello de Bergondo, denuncia o problema dos rúidos xerados pola proximidade da autoestrada AP9 na zona, infraestrutura viaria de alta capacidade construída nos 70 na que o tránsito de vehículos a moita velocidade é constante, polo que necesita de melloras en moitos puntos para protexer ás persoas residentes da contaminación acústica.

A Autoestrada do Atlántico, de titularidade estatal e concesionada coa empresa Audasa, atravesa Mariñán, lugar en que levan tempo reclamando a instalación dalgún sistema redutor do impacto sonoro nas vivendas, como por exemplo pantallas acústicas ou antiruído, habituais na construción de novas vías, mais que non adoitaban colocarse hai 50 anos. Tamén sofren o mesmo problema as persoas residentes en Míodelo e Guísamo. É máis, en Guísamo indican que a contaminación acústica aumentou logo da última reparación da vía, o que pode deberse ao material empregado na capa de rodadura.

Estas reclamacións foron xa trasladadas ás distintas Administracións competentes en varias ocasións, tanto ao propio Concello de Bergondo, como á Consellería de Infraestruturas da Xunta e ao propio Ministerio de Transportes sen terse iniciado ningunha actuación ao respecto. As demandas veciñais seguen sen atenderse e a veciñanza continua a soportar diariamente unha situación que afecta de xeito directo á súa calidade de vida sen poder facer nada.





Debe terse en conta que está demostrado que a exposición directa e continuada a unha contaminación acústica elevada pode derivar en problemas de saúde, precisamente por iso, a inacción das administracións públicas é incomprensíbel e debe articularse unha solución o máis axiña posíbel.

En resposta a outras iniciativas similares, indicábase que os mapas estratéxicos de ruído da Dirección Xeral de Estradas, en cumprimento da segunda fase de aplicación da Directiva Europea 2002/42/CE do 17 de maio, sobre avaliación e xestión do ruído ambiental, e de conformidade coa Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído e a súa normativa de desenvolvemento, avalían o ruído dentro dun marco estratéxico e global fundamentado en dar solucións ao conxunto da sociedade, en base á eficiencia orzamentaria, obxectividade e igualdade de oportunidades. Con estes fundamentos foi elaborada a segunda fase do Plan de Acción contra o Ruído, onde son detalladas as actuacións a realizar no conxunto da Rede de Estradas do Estado, atendendo á magnitude do problema de ruído, exposición a este de edificios sensíbeis e número de poboación afectada que se beneficiase. Estes Mapas Estratéxicos e o Plan de Acción contra o Ruído deben ser revisados periodicamente, definíndose en cada fase uns criterios con actuacións que beneficien a núcleos menos numerosos e vivendas illadas sometidas a niveis acústicos excesivos.

Neste sentido, a Dirección Xeral de Estradas, do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, estaba a tramitar naquel momento o Prego de Prescricións Técnicas Particulares correspondente para a revisión dos Mapas Estratéxicos de Ruído e do Plan de Acción contra o Ruído terceira e cuarta fase e a revisión dos Plans Urbanísticos para actualizar a información e avaliar e dirimir a responsabilidade de financiamento e execución das medidas correctoras.

O mapa estratéxico do ruído relativo a cuarta fase na provincia da Coruña foi publicado en setembro de 2024, recoñecendo neste a problemática antes descrita e que os núcleos citados do concello de Bergondo superan os obxectivos de calidade acústica.



Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Coñecedor o Goberno do Estado da situación que padecen os veciños e veciñas de Mariñán, Miodelo e Guísamo, no concello de Bergondo, derivada da proximidade do tránsito pola AP9 sen contar con mecanismos de redución da contaminación acústica debida para a súa protección, incluíron estes núcleos na revisión dos Mapas Estratéxicos de Ruído e do Plan de Acción contra o Ruído?
2. De ter incluído estes núcleos nos Mapas Estratéxicos de Ruído e no Plan de Acción contra o Ruído, cales son as previsións para a realización dos traballos necesarios?
3. De non ter sido incluídos estes lugares na revisión dos Mapas Estratéxicos e no Plan de Acción contra o Ruído, porque motivos non se incluíron? Vaise revisar a citada planificación e incluílos en próximas actuacións de protección contra a contaminación acústica?

Madrid, a 23 de marzo de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso